



Familia Caamagno están de volta!

Os cinco infraseres de Sigüeiro volven máis bailongos e enerxéticos ca nunca co seu novo traballo discográfico: **“HABÍA QUE INTENTALO”**.

Neste novo LP os **Caamagno** despregan un compendio de melodías pop, ritmos frenéticos e retrousos coreables co único afán de facer bailar á mocidade máis dinámica do ESTADO.

Temos ante nós un novo álbum, formado por oito cancións e un bonus track, no que poderanse atopar auténticos himnos contemporáneos do **POP ENERXÉTICO**, coma *Castromil*, *O peor non son os cartos* ou *Un día espectacular*. Dialogando cos seus discos anteriores, continuistas no rock & roll de inspiración 60's pero cun afán renovador: *Tabernas e rotondas*, *Cocogualla* e *Proceso Soberanista*. Xa, afastados do purismo máis cheirento, os **Caamagno** sorpréndennos con dous cortes: *Guapos de primeira*, inspirado nos ritmos de ultramar e *Canción Moderna de Oriente* probablemente o título máis descriptivo da historia.

Este novo artefacto está gravado entre os días 2 e 7 de febreiro nos estudos **Circo Perrotti** de Xixón. Ao igual que os dous anteriores está producido, mesturado e masterizado por **Jorge Explosión**, agás o corte *Canción Moderna de Occidente*, que está producido, gravado e mesturado por **Hevi** no **Laboratorio Soyuz** e masterizado por **Cem Oral** en **Jammin' Masters (Berlín)** en maio de 2018.

Este flamante novo álbum da **Familia Caamagno** está orgullosamente editado pola cántabra e ovetense disquera **Folc Records** e o estupendo deseño corre a cargo de **Leo Sousa**.

Familia Caamagno, a banda galega que máis motoserras acendeu, a que máis gasta en roupa, a que tivo o ácido úrico perigosamente alto aos dez anos... **VOLVE!** porque...

“HABÍA QUE INTENTALO”